




Praza da Peixería

14 ao 24 de agosto de 2009
Vilagarcía de Arousa



ALBAROUSA

XXVIII MOSTRA DO VIÑO ALBARIÑO ARTESANAL
SEMANA GASTRONÓMICA



PROGRAMA

Concello de
Vilagarcía



de Arousa



VENRES 14 DE AGOSTO

21:00 h. Inauguración oficial da Mostra polas autoridades e lectura do pregón a cargo de Pepe Chaves, Xerente de Ádegas Castel de Fornos. Co ánimo de compartila sona que tiveron os colectivos sociais na pasada edición, Albarousa pon de novo a disposición destas entidades un posto durante toda a Mostra, para que den a coñecer as súas actividades e poidan recaudar fondos coa venda dos produtos artesanais e postres caseiros.

Hoxe venres, sábado e domingo correspóndelle a Asociación de Diminuídos Psíquicos "Con Eles".

Nesta edición, Albarousa destinará un módulo para á venda de viño albariño elaborado en barrica de madeira das añadas de 2004, 2005, 2006 e 2007. Unha vez máis esta Mostra de Vilagarcía, é pioneira en innovacións para potenciar a promoción e venda do Albariño.

A actuación de hoxe estará ó cargo do Grupo de gaita e baile da Asociación Cultural "A Nosa Señora da Xunqueira" composto por 25 persoas. Esta agrupación será a encargada de ofrecernos ós alí presentes o mellor do seu repertorio de baile rexional. Grupo subvencionado polo Excmo. Concello de Vilagarcía.

SABADO 15 DE AGOSTO

Continuará a Asociación "Con Eles" expoñendo e vendendo os produtos e postres artesanais feitos polos seus asociados, no posto que ten cedido Albarousa para tal fin.

23.00 h. Actuará a Agrupación folklórica "Abiñadoira" de Sanxenxo. Ofreceranos un esmerado repertorio composto polas mellores pezas da danza popular galega. Esta agrupación leva traballando moitos anos a prol da cultura popular galega. Grupo subvencionado pola Excm. Deputación de Pontevedra.

Finalizada a Mostra invitarase ós presentes a unha QUEIMADA patrocinada pola adega TOMADA DE CASTRO.

DOMINGO 16 DE AGOSTO

19:00 h. Apertura da Mostra. *Pola mañá, ó ser a festividade de S. Roque, permanecerá pechada.*

Continuará a Asociación "Con Eles" expoñendo e vendendo os produtos e postres artesanais feitos polos seus asociados, no posto que ten cedido Albarousa para tal fin.

LUNS 17 DE AGOSTO

O Clube "Arosa, S.C." será a entidade que no luns e máis no martes disporán do posto cedido por Albarousa, para que, a través da venda de postres caseiros e material relacionado co clube, poida recaudar fondos para a súa causa.

23.00 h. Actuará a Agrupación "Tequexeteldere" da Estrada e ofreceranos un esmerado repertorio composto polas mellores pezas da danza popular galega. Grupo subvencionado pola Excm. Deputación de Pontevedra.

MARTES 18 DE AGOSTO

O Clube "Arousa, S.C." seguirá coa venda de postres típicos e material relacionado co clube.

23:00 h. Actuación do grupo de danza galega "Embruxo" de Guillán, fundado no 2003, conta con numerosas actuacións na comunidade galega e tamén noutros lugares como Portugal ou Madrid. Esta agrupación faranos pasar unha velada inolvidabel poñendo ó noso alcance o mellor do baile tradicional da nosa terra. Grupo subvencionado polo Excmo. Concello de Vilagarcía.



MERCORES 19 DE AGOSTO

O mercores 19, xoves 20 e o venres 21, correspóndelle o posto das asociacións benéficas ó colectivo de "Mulleres Rurais Anduriña" de Sobradelo, que porán á venda deliciosos postres caseiros feitos por elas mesmas co fin de recaudar fondos para a súa asociación.

ELABORACIÓN DE PRATOS GASTRONÓMICOS

12.45 h. ALBAROUSA co obxectivo de amosar a gastronomía máis tradicional de Galicia, presentará a un cociñeiro artesán e experimentado na técnica galega de cociñar enriba da pedra. Amosaranos a sencillez do manexo dos mellores produtos e o exquisito sabor do prato cociñado deste xeito.

Rememorando unha tradición con máis de dous mil anos de antigüidade xurdida nos castros celtas galegos, ofreceremos diferentes elaboracións culinarias enriba dunha pedra centenaria.

A degustación destes pratos será de balde.

XORNADA DE PORTAS ABERTAS

Durante a mañá de hoxe realizarase unha degustación gratuita de viños en colaboración cas adegas participantes.

XOVES 20 DE AGOSTO

A asociación "Mulleres Rurais Anduriña" de Sobradelo estará hoxe ofrecéndonos os seus postres caseiros.

20:00 h. Precata de viños presentados ó concurso, coa degustación de balde o público que queira participar.

23:00 h. Actuación do grupo de gaitas e baile "San Pedro de Cea", o cal faranos pasar unha velada inolvidabel poñendo ó noso alcance o mellor da música e baile tradicional da nosa terra. Grupo subvencionado polo Excmo. Concello de Vilagarcía.

VENRES 21 DE AGOSTO

A asociación "Mulleres Rurais Anduriña" de Sobradelo estará hoxe ofrecéndonos tamén os seus postres caseiros.

20:00 h. Precata de viños presentados ó concurso, coa degustación de balde o público que queira participar.

23:00 h. Actuación da agrupación de música e baile tradicional "A.C.D. Dorna" da Illa de Arousa. Deleitaránnos cun esmerado repertorio escollido entre as mellores pezas do baile popular galego acompañado pola música tradicional da nosa terra. E un grupo que paga a pena velos. Grupo subvencionado pola Excmo. Deputación de Pontevedra.

SABADO 22 DE AGOSTO

A Asociación Cultural San Pedro de Cea será a entidade que no sabado, domingo e mais no luns disporá do posto cedido por Albarousa, co fin de recaudar fondos para esta encomiable laboura coa venda de artigos artesanais e postres caseiros.

23:00 h. Actuación do grupo de danzas "Amor Ruibal", que leva dende o 1983 apoiando e dando a coñecer o folklore popular galego. No seu repertorio conta con muiñeiras, xotas, pandeiradas, pasodobres, ribeirás, etc..., co fin de amosar a cultura folklórica e os sentimentos que comunican os distintos bailes e músicas galegos, co que se contribúe á identificación do pobo co seu acervo cultural. Grupo subvencionado pola Excmo. Deputación de Pontevedra.

Ó peche da Mostra invitarase ós presentes a unha QUEIMADA patrocinada pola adega UVAS DE OURO (Simes - Meaño).

DOMINGO 23 DE AGOSTO

A Asociación Cultural San Pedro de Cea seguirá coa venda de produtos artesanais e postres típicos no posto destinado a tal efecto por Albarousa.

23:00 h. Actuación do grupo tradicional "Sa Colla de l'horta de Jesús" de Ibiza. Este grupo ibizenco será o encargado de transmitir as ensinanzas dos bailes desta illa balear. Eles recuperaron a tradición do baile "pagés" e buscan amosar esta danza como diferenciación con outros grupos folklóricos.

LUNS 24 DE AGOSTO

A Asociación Cultural San Pedro de Cea seguirá coa venda de produtos artesanais e postres típicos no posto destinado por Albarousa.

GRAN CATA FINAL

12:00 h. Gran Cata Final dos viños que superaron as precatas anteriores.

A continuación, fallo do xurado e entrega de premios.

Entrega de Premios despois do Xantar de Confraternidade entre autoridades, cosecheiros e público.

Presenta Manolo Suarez.

Os premios serán donados por:

- 1 Excmo. Concello de Vilagarcía.
- 2 Concellería de Turismo do Concello de Vilagarcía.
- 3 Excmo. Deputación de Pontevedra.
- 4 Consello Regulador da D.O. "Rías Baixas"
- 5 Fexdega.
- 6 Zona Aberta.

23:00 h. Actuación da agrupación folklórica de gaitas e baile "Nós" de Sobradelo, composto por 30 membros, os cales deleitaránnos cun esmerado repertorio escollido entre as mellores pezas da danza popular galega. Grupo subvencioado polo Excmo. Concello de Vilagarcía.

Nota:

- 1 Para participar no Xantar de Confraternidade tense que adquirir os tiquets na Mostra.
- 2 Tódalas Precatas e a Cata Final celebraranse no recinto da Mostra, Praza da Peixería.
- 3 Precatas: Xoves 20 ás 20:00 h. e Venres 21 ás 20:00 h.
- 4 Cata Final o día 24, luns, ás 12:00 h.
- 5 A entrega de trofeos será sobor das 17:00 h.
- 6 As catas serán públicas pero baixo o control do Xurado de Cata.

PRODUTOS

Botella de Albariño, Pulpo á Feira, Empanada, Chourizo Caseiro O'Albariño, Chourizo a pedra, Pementos de Padrón, Queixo, Taboa de Queixos, Filloa Artesanal á pedra, Xamón, Carrilada de porco fresca, Lomo, Chourizo Extra, Mexilóns, Chuleta de Terneira á Pedra, Pichovos (Pementos, chourizo e ovos), Pan Artesanal, Auga, Postres Caseiros (Elaborado polas Asociacións)

ADEGAS

Bouza do Rei, Valdumia, Terras de Lantaño, Viña Roel, Torres de Cálago, Uvas de Ouro, Veiga Serantes, Tomada de Castro, O Piorno, Dona Rosa, Santiago Roma, Quinteiro da Cruz, Castel de Fornos, Núñez Andián, Casa da Barca, Vento Mareiro



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Concellería de Turismo



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE PONTEVEDRA



FUNDACION
FEXDEGA
RECINTO FERIAL

Rías Baixas
DENOMINACIÓN DE ORIGEN

ZONA ABERTA
Asociación Comerciantes de Vilagarcía